

INFORMACIÓN VISITAS

DIRECCIÓN:

Sede EXPOSITIVA:

Praza das Praterías, 2. Telf.: +34 881 867 401

Sede ADMINISTRATIVA (casa gótica):

Rúa san Miguel, 4. Telf.: +34 881 867 315 / 316

15704-Santiago de Compostela

informacion.mdperegrinacions@xunta.es

HORARIO:

Martes a venres de 9.30 ás 20.30 h

Sábados de 11 ás 19.30 h

Domingos e festivos de 10.15 ás 14.45 h

PECHADO:

Todos os luns do ano.

1 y 6 de xaneiro.

1 de maio.

24, 25, e 31 de decembro.

E un festivo local (consultar ano en curso).

TEÑA EN CONTA QUE

O acceso ao museo é posible ata 20 minutos antes do peche.

O desaloxo das salas comezará 10 minutos antes do horario de peche.

TARIFAS

** Debido á excepcional situación provocada pola COVID – 19 a tarifa de acceso ao Museo das Peregrinacións e de Santiago será de **balde**. Lembre recoller o seu ticket de entrada na recepción do Museo.

2,40 € XERAL

1,20 € REDUCIDA:

- Grupos que superen as 15 persoas e pidan cita con 15 de antelación.
- Titulares de cané novo e carné de estudantes maiores de 18 anos.
- Peregrinos que presenten a "Compostela" ou documentos similares.

GRATUÍTA:

- Menores de 18 anos.
- Maiores de 65 ou xubilados.
- Voluntariado cultural e educativo.

DÍAS DE ENTRADA GRATUÍTA

- 18 de maio, Día Internacional dos Museos.
- 25 de xullo, Día Nacional de Galicia.
- 12 de outubro, Festa Nacional de España.
- 6 de decembro, Día da Constitución.

ACCESOS E LOCALIZACIÓN

SEDE EXPOSITIVA DAS PRATERÍAS

Liñas de autobuses urbanos

Todas as que teñan parada na Praza de Galicia.

Aparcadoiros

San Clemente (Rodrigo del Padrón, s/n).

Catedral (Galeras, 9-17).

Praza de Galicia.

Avda. de Xoán XXIII.

SEDE ADMINISTRATIVA DA CASA GÓTICA

Liñas de autobuses urbanos

1, 4, 5, 8, P2 e P6 (parada na rúa San Roque).

6, 11 e P4 (parada da rúa de San Pedro).

Aparcadoiros

Avda. de Xoán XXIII.

Rúa da Virxe da Cerca.

La Salle (Ramón del Valle Inclán, 6).

Praza de Abastos (Trompas, 5).

Accesibilidade para públicos fráxiles

O edificio está equipado con ascensores e aseos adaptados para o uso de persoas con mobilidade reducida. Tamén están dispoñibles cadeiras de rodas para facilitar a visita, que se poden solicitar no mostrador de atención ao público.

CONDICIÓNS DE VISITA ESPECÍFICAS PARA OS GRUPOS

Considérase visita de grupo aqueles que superen as 15 persoas.

En todos os casos o grupo non poderá superar as 25 persoas, se é así se dividirá e farán a visita en dúas quendas que entrarán ao museo cun intervalo de tempo entre eles, que o persoal do museo organizará.

Se deciden visitarnos é preciso reservar a visita con 15 días de antelación a través de correo electrónico (reservas.mdperegrinacions@xunta.gal) ou no teléfono: 881 867 401.

Na súa solicitude debe indicar os seguintes datos:

Nome do colectivo:
Número de visitantes:
Idade e curso académico:
Día da visita:
Hora:
Nome do responsable do grupo:
Teléfono de contacto:

Indicar se solicitan VISITA LIBRE ou GUIADA (especificar idioma):

Os anteriores datos son imprescindibles para que podamos facer a reserva: o envío de solicitude non implica a reserva da visita, esta ha de ser confirmada polo museo.

VISITAS CONTADAS

O MDPS ofrece esta actividade dirixida a todos os públicos, e que ten como obxectivo a divulgación das coleccións do museo dun xeito ameno e participativo.

Estas visitas mesturan un percorrido guiado polo museo coa tradición dos contacontos. O público terá a ocasión de coñecer as pezas expostas e gozar con lendas, anécdotas e curiosidades relativas ao Camiño de Santiago e á propia historia da cidade. Deste xeito os relatos e a súa riqueza inmaterial que, pola súa natureza, non se poden expoñer nunha vitrina serán o fío condutor para descubrir todas as historias que os bens culturais non poden contar de viva voz.

Esta actividade está dirixida a grupos cun mínimo de 10 e un máximo de 25 persoas. (Se o grupo é máis numeroso dividirase para recorrer o Museo).

As visitas contadas non terán custo adicional. Aplicaranse as tarifas actuais de entrada.

Quen desexe participar deberá reservar previamente no Museo das Peregrinacións e de Santiago (sede de Praterías) no teléfono: 881 867 401 ou nas seguintes direccións electrónicas: reservas.mdperegrinacions@xunta.gal

NORMAS DE ACCESO E RECOMENDACIÓNS

A SÚA COLABORACIÓN É IMPRESCINDIBLE PARA A CONSERVACIÓN DOS BENS CULTURAIS EXPOSTOS. GRAZAS POR RESPECTAR ESTAS NORMAS.

Os bens culturais expostos así como os elementos museográficos non se poden tocar. Este museo está dotado cun sistema de videovixilancia permanente.

Está permitida a toma de imaxes unicamente con cámaras de man. Non se usará trípode, flash ou calquera outro tipo de iluminación externa. Queda prohibida a reprodución, distribución ou venda de fotografías ou gravacións sen a preceptiva e explícita autorización por escrito da administración xestora da institución.

Por motivos de seguridade, non está permitido o acceso con mochilas, bolsos de grandes dimensións, bolsas de deporte ou de viaxe, maletas, maletíns, paraugas, trípodes, ou calquera obxecto que se considere perigoso para os bens culturais. Estes haberán de ser depositados no gardarroupa. Tampouco se permitirá a entrada ás salas de exposicións con carriños ou cadeiras de bebés.

Está permitido o uso de teléfono móbil, en beneficio de todos os visitantes é preciso que modere o seu ton de voz e que manteña o seu teléfono "en modo silencio".

Os nenos e nenas deben ir sempre acompañados por un adulto que se faga responsable do seu comportamento no interior das instalacións do museo.

Non se pode comer nin beber no espazo expositivo.

Non está permitido fumar no interior do edificio.

Non se pode acceder ao museo con animais, agás no caso de cans guías.

Non está permitido o uso de paus-selfie.

O visitante deberá conservar a entrada ata o final da visita.

O visitante deberá facer uso correcto dos textos en distintos idiomas distribuídos polas salas. Unha vez utilizados deberá depositalos nos lugares habilitados a tal fin. O resto de material de información e difusión que se lle entrega e que non desexe conservar, pode devolvelo á saída en boas condicións para ser utilizado novamente por outros visitantes.

Non se permitirá o acceso a persoas con modais ou condutas que poidan molestar ao resto dos visitantes ou que sexan susceptibles de causar danos ás persoas, á colección exposta ou as instalacións do museo.

As dúbidas que poidan xurdir con respecto á correcta utilización das instalacións por parte dos visitantes deberán ser consultadas co persoal de salas que colaborará en todo momento para facer máis cómoda e proveitable a estancia no museo.